



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la reforma integral de la N-541 a su paso por el municipio de Cerdedo-Cotobade para la mejora de la seguridad vial.**

En los últimos años, el BNG ha denunciado reiteradamente, también a través de iniciativas parlamentarias, la peligrosidad de varios tramos de la N-541 a su paso por el municipio de Cerdedo-Cotobade.

Con carácter general, la N-541 suele ser incluida entre las carreteras más peligrosas del conjunto del Estado, según los informes del RACE o de AEA y, concretamente, el tramo de Cerdedo-Cotobade es considerado uno de los de mayor riesgo de accidentes, debido a su trazado sinuoso y al elevado volumen de circulación, especialmente de tráfico pesado y de mercancías.

Así, esta carretera ha registrado varios accidentes con víctimas mortales en los últimos años. Uno de los más graves tuvo lugar en la Nochebuena de 2022, cuando un autobús se precipitó desde el puente sobre el río Lézec en la N-541, causando la muerte de siete personas. Además, ese mismo año, falleció atropellada una persona mayor en la zona de Calvelo, en Tenorio, un tramo completamente desprovisto de medidas de seguridad vial y carente de espacios habilitados para cruzar la vía sin riesgos.

De hecho, la corporación local de Cerdedo-Cotobade ha aprobado varias mociones en las que se reclaman acciones por parte del Gobierno para una mejora integral de la N-541 a su paso por el municipio, abordando los problemas de falta de seguridad en Calvelo, San Xurxo de Sacos, Santa María de Sacos, Cerdedo o en los lugares de Folgoso y Cernados, entre otros

En este sentido, la necesidad de instalar una pasarela peatonal en Calvelo entre los márgenes para que los peatones puedan cruzar la carretera de forma segura es una demanda histórica. Asimismo, en este lugar sería necesario habilitar un carril de incorporación en el punto kilométrico 84 en dirección a Ourense, urbanizar el entorno de la marquesina situada en el margen hacia Ourense e incluir una vía ciclista y peatonal entre este punto y el río Tenorio



en la misma dirección.

En cuanto al firme de la carretera, es imprescindible acometer una sustitución integral de la capa de rodadura por una base antideslizante, así como la mejora de los peraltes de las curvas.

Otra cuestión que incide de forma directa en la seguridad es la falta de iluminación que afecta a la N-541 en el tramo de Cerdedo-Cotobade, cuyo peligroso trazado, lleno de curvas, requeriría una mejora de la iluminación, especialmente en las curvas existentes entre Viascón-A Longa, Barbeitos-Sacos, Sacos-Dorna y Pedre-Cerdedo.

También serían necesarias medidas de control del tráfico a la entrada de Cerdedo y en dirección Ourense-Pontevedra. Un paso inferior para peatones en Tenorio que conecte el Centro de Salud con la farmacia. En San Xurxo de Sacos, habría que mejorar el acceso a Cutián y en Santa María de Sacos, mejorar el acceso al lugar de Cádavo.

Al igual que sucede con muchas carreteras estatales antiguas, la N-541 atraviesa núcleos de población que requerirían obras de acondicionamiento de cruces, como en Calvelo, Tenorio, Viascón, A Longa, Barbeitos, Dorna y Santa María de Sacos.

Sin embargo, a pesar de los problemas y la demostrada siniestralidad que registra esta carretera, resulta llamativo que el Gobierno, en sus respuestas al BNG, se aferre siempre a que no «existe actualmente ningún tramo de la N-541, ni en la provincia de Ourense ni en la de Pontevedra, con la consideración de Tramo de Concentración de Accidentes» como único argumento.

Las acciones que se han llevado a cabo hasta el momento han sido siempre puntuales y, por lo tanto, no resuelven el problema debido a la falta de un proyecto integral. Efectivamente, el Ministerio realizó el año pasado una reforma del firme, pero afectó únicamente al tramo entre el pk 68 y el 69,8, y la reposición de la barrera metálica de contención entre los kilómetros 55,7 y 63,4 en Forcarei y Cerdedo-Cotobade. Todas ellas son medidas necesarias, pero no dan una solución conjunta a las necesidades que se concentran en esta vía.

Así pues, es preciso realizar una auditoría completa de la N-541 a su paso por Cerdedo-Cotobade para determinar las acciones necesarias, que incluyan las propuestas en esta



iniciativa y cualquier otra que se considere conveniente, con el objetivo de mejorar la seguridad vial en la zona y ofrecer una solución integral y permanente.

Esta es una demanda histórica de los vecinos y vecinas, que no implica grandes inversiones pero que aportaría importantes beneficios en materia de seguridad para las personas que circulan por la N-541.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Realizará el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible una auditoría sobre la seguridad vial en la N-541 a su paso por el municipio de Cerdedo-Cotobade, debido a su elevada siniestralidad y a la necesidad de dar una solución definitiva a los problemas de seguridad vial existentes?
2. ¿Qué acciones tiene previsto emprender en la N-541 en el municipio de Cerdedo-Cotobade para la mejora de la seguridad vial y garantizar el tránsito sin riesgo de conductores y peatones?
3. ¿De haberlas, puede detallar los plazos y presupuestos de las acciones y obras previstas?

En Madrid, a 23 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

23 MAR. 2026 15:29:24

Entrada **107557**

Pregunta mellora integral N-541 Cerdedo Cotobade

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á reforma integral na N-541 ao seu paso polo Concello de Cerdedo Cotobade para a mellora da seguranza viaria.**

O BNG ten denunciado reiteradamente nos últimos anos, tamén a través de iniciativas parlamentares, a perigosidade de varios dos tramos da N-541 ao seu paso polo termo municipal de Cerdedo Cotobade.

Con carácter xeral, a N-541 acostuma ser incluída entre as estradas máis perigosos do conxunto do Estado, segundo os informes da RACE ou de AEA e, concretamente, o tramo de Cerdedo Cotobade, é considerado un dos de máis risco de accidentes, polo trazado sinuoso e o elevado volume de circulación, en especial tráfico pesado e de mercadorías.

Así, esta estrada rexistrou nos últimos anos varios accidentes con vítimas mortais, un dos máis graves, o que tivo lugar na Noiteboa de 2022, cando un autobús se precipitou desde a ponte sobre o río Lérez na N-541, causando a morte de sete persoas. Ademais, este mesmo ano, morría atropelado unha persoa maior na zona do Calvelo, en Tenorio, tramo completamente desprovisto de medidas de seguranza viaria e carente de espazos habilitados para atravesar a vía sen riscos.

De feito, a corporación local de Cerdedo Cotobade ten aprobado varias mocións en que se reclama actuacións por parte do Goberno para unha mellora integral da N-541 ao seu paso polo concello, abordando os problemas de falta de



segurança en Calvelo, San Xurxo de Sacos, Santa María de Sacos, Cerdedo ou nos lugares de Folgoso e Cernados, entre outros.

Neste sentido, é unha demanda histórica a necesidade de instalar unha pasarela peonil en Calvelo entre as dúas marxes para posibilitar que os viandantes atravesen a estrada de forma segura. Así mesmo, neste lugar sería necesario habilitar unha vía de incorporación no punto quilométrico 84 en dirección a Ourense, urbanizar a contorna da marquesiña sita na marxe sentido Ourense e incluír unha vía ciclista e peonil entre este punto e o río Tenorio na mesma dirección.

En canto ao firme da estrada é imprescindible acometer unha reposición integral da capa de rodadura con base anti deslizante, así como a mellora dos peraltes das curvas.

Outra cuestión que incide de forma directa na segurança é a falta de iluminación da que adoece a N-541 no tramo de Cerdedo Cotobade en que, o seu perigoso trazado, cheo de curvas, requiriría unha mellora da iluminación, especialmente nas curvas existentes entre Viascón-A Longa, Barbeitos-Sacos, Sacos-Dorna e Pedre-Cerdedo.

Serían precisas tamén medidas de acougado de tráfico á entrada de Cerdedo e en dirección Ourense-Pontevedra. Un paso inferior para peóns en Tenorio para conectar o Centro de Saúde coa farmacia. En San Xurxo de Sacos habería que mellorar o acceso a Cutián e en Santa María de Sacos a mellora do acceso ao lugar de Cádavo.

Do mesmo xeito que sucede con moitas estradas estatais antigas, a N-541 atravesa núcleos de poboación que requirirían dun tratamento de travesías como en Calvelo, Tenorio, Viascón, A Longa, Barbeitos, Dorna e Santa María de Sacos.

Porén, a pesar dos problemas e da demostrada sinistralidade que rexistra esta estrada, é rechamante que o Goberno, nas súas respostas ao BNG, se aferre sempre a que non “existe na actualidade ningún tramo da N-541, nin na



provincia de Ourense nin na de Pontevedra, coa consideración de Tramo de Concentración de Accidentes” como único argumento.

As actuacións que se teñen levado a cabo até o momento, foron sempre puntuais e, por tanto, non resoven o problema por carecer proxecto integral. Efectivamente, o Ministerio realizou o ano pasado unha reforma do firme, mais afectou unicamente ao tramo entre o pk 68 ao 69,8, e a reposición da barreira metálica de contención entre os quilómetros 55,7 ao 63,4 en Forcarei e Cerdedo Cotobade. Todas elas medidas necesarias mais que non dan solución de conxunto ás necesidades que se concentran nesta vía.

Así pos, é preciso realizar unha auditoría completa da N-541 ao seu paso por Cerdedo Cotobade para determinar as actuacións precisas, que inclúan as propostas nesta iniciativa e calquera outra que se considere necesaria, co obxectivo de mellorar a seguranza viaria na zona e dar unha solución integral e permanente.

Esta é unha demanda histórica dos veciños e veciñas que non implica grandes investimentos mais que achegaría importantes beneficios en seguranza para as persoas que circulan pola N-541.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Realizará o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel unha auditoría sobre a seguranza viaria na N-541 ao seu paso polo municipio de Cerdedo-Cotobade debido á súa elevada sinistralidade e a necesidade de dar unha solución definitiva os problemas de seguridade viaria existentes?
2. Que actuacións ten previsto acometer na N-541 no Concello de Cerdedo Cotobade para a mellora da seguranza viaria e garantir o tránsito sen risco das persoas condutoras e viandantes?



3. De habelas, Pode detallar prazos e orzamentos das actuacións e obras previstas?

Madrid, a 23 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso